

O AMOR, ESE BALEIRO COMPARTIDO¹

Baldo Ramos

A poesía de Luís Valle ten ido medrando nas dúas últimas décadas con constancia e ambición experimental. Catorce libros compoñen esa traxectoria que, ao meu entender, está máis que asentada nas nosas letras.

A pesares do seu talante discreto, os seus libros téñense convertido en entregas ben recoñecibles e radicalmente persoais. Entrega no dobre sentido, xa que non todos os poetas cando escriben teñen a xenerosidade de entregarse como o fai o autor lugués.

Alianza é un libro de momentos compartidos, de tempo condensado, de textos breves nos que o amor bota raíces e prende na linguaxe.

Por iso é Safo quen nos abre as súas portas (*si! radiante lira, fálame, tórnate voz*) como pauta do fragmentarismo á hora de contar a experiencia amorosa, esquilada polo tempo e adulterada pola memoria.

¹ Este texto serviu para presentar o poemario *Alianza* de Luís Valle o 4 de outubro de 2022 na librería Couceiro de Santiago de Compostela.

Condensar o tempo na escrita é atravesalo co corpo. Facer que o corpo, os corpos, sexan transparentados pola palabra ata facerse poema.

Luís Valle ten un talento especial para conseguir este efecto no que escribe.

A súa sensibilidade intuitiva e concisa, de comunión por veces zen ou case mística co seu entorno, permítelle escribir desde ese baleiro que lle proporciona verdade á súa obra.

Neste libro ese baleiro faise explícito cos espazos en branco que van tecendo os poemas de esquerda a dereita, como quen move o tear da linguaxe nun aca-
neo que vai de dentro a fóra, desde o gozo á ausencia, desde a luz vertical do
pracer ás sombras horizontais que deixa o desencanto.

Un movemento pendular que traza un anel, unha alianza, un círculo de vér-
tices imperceptibles nos que descansa a man para trazar a xeografía da eterni-
dade, esa palabra que pecha o libro anoando os corpos no centro da mandorla,
asfixiándoos. Onde o pracer nos reconcilia coa felicidade:

coma dous corpos

espídos

da palabra

AEternus.

O círculo místico da luz que atravesa este libro está punteado con símbolos de
diferentes culturas que van ganduxando, desde a experiencia da linguaxe, a pa-
labra poética. Así acontece coa referencia ao Ouroboros (dragón ou serpe que
morde a cola formando un círculo) e que é un símbolo da eternidade, do eterno
repetirse da vida. Un símbolo que pode rastrexarse en diferentes culturas desde
hai máis de 3000 anos.

Luís Valle di no poema que leva ese título:

Ollármonos un intre

sen deter

o derradeiro

voo do dragón

cara á transparencia.

Acarñármonos

na palabra

Vida. Anoármonos.

Gardar a cova.

A transparencia como tempo da consumación amorosa, como suspensión do tempo neses momentos de éxtase vividos no día a día, con calas en ocasións panteístas, como cando se equipara este concepto de transparencia coa resurrección (nun dos poemas máis conseguidos do libro, no que recrea ese concepto tan característico do poeta londinense John Donne) ou coa eternidade entendida en diferentes poemas como un equilibrio entre a culminación amorosa e o pracer de escribir.

Por iso a vida se concibe nesta obra como un anoarse dervixe que serve de centro ao círculo alquímico no que a cova da existencia acubilla os amantes.

Esa simboloxía do círculo, do esférico, do que se move sobre si, tamén está presente noutros motivos aludidos polo autor, como nas referencias que fai á alianza, ao ollo da sérpula (anélido mariño circular), á Perenna (deidade romana do anel á que se lle facían ofrendas para completar o ano con ben), ao equinoccio (circularidade da luz e da sombra), ao Sol ou mesmo a Panoptes, ese xigante que todo o ve na mitoloxía grega, epíteto que caracteriza o Argos dos mil ollos. Por iso o mundo clásico, tanto grecolatino como persa, está moi presente nos elementos que tensan a estrutura do libro, servindo como unha especie de ancoraxes temporais a través da historia e de ancoraxes espaciais a través das viaxes.

Para Valle a amada é “o intre no que a vida comeza”, a singradura que se repite nun constante volver a unha Ítaca de luz que fondea na linguaxe.

O amor como actualización do concepto de *Glukuprikron*, que aparece nun poema do libro, e que o autor seguramente coñece a partir dese marabilloso libro de Anne Carson titulado *Eros. Poética do desexo*, no que analiza a visión que Safo nos transmite do amor nos escasísimos fragmentos que hoxe conservamos dela. Nun dos textos deste libro, afirma a poeta canadense e tradutora de Safo ao inglés:

Como o adxectivo de Safo “glukuprikron”, o momento do desexo é o que desafia o límite apropiado, sendo un composto de opostos forzados a estar xuntos a presión. O pracer e a dor chegan simultaneamente ao que ama, na medida na que o atractivo do obxecto do amor se deriva, en parte, da súa carencia. De quen é esa carencia? Do que ama. Se seguimos a traxectoria de Eros, atopámolo trazando coherentemente a mesma ruta: sae desde o que ama cara ao amado, logo rebota novamente cara o que ama e cara o oco que hai nel, antes inadvertido. Quen é o suxeito real da maioría dos poemas de amor? Non é o amado, é ese oco.

Esa referencia explícita ao oco como suxeito da poesía amorosa aparece en diferentes textos de *Alianza*, pero tamén se consegue cun manexo moi logrado dos baleiros semánticos e dos baleiros gráficos na disposición dos poemas. Escribe Valle no poema que leva por título este adxectivo grego:

*Oco, distancia e fame
aman
o indíctible
baleiro
de ti*

(Glukuprikron)

Escribir poesía amorosa nestes tempos pode parecernos un exercicio narcisista desde o punto de vista persoal e un exercicio de escrita tradicional desde o punto de vista literario. E Luís Valle é consciente disto. Coñece os riscos de transitar os lugares comúns, os códigos trillados.

Un dos maiores méritos deste libro é superar eses dous exercicios con boa nota, creando unha escrita que transforma o autobiográfico en espazo de encontro co lector e o anecdótico en transcendente.

Un talante case de poeta xaponés que é capaz de escribir:

*a túa ollada
move
sen querer
as estrelas.*

Un talante e un talento que entran no detalle da observación con ambición de universalidade, de comunión coas cousas, e que o autor ten demostrado noutros libros, como na colección de haikus *Trona, o merlo*, para min un dos mellores libros de haikus que se teñen escrito na nosa lingua.

A ollada poética traspasa a palabra cunha incisión mínima e reproduce o momento fielmente, pero manipulando os elementos que o fan poético, que lle dan un significado colectivo, evitando o confesionalismo e o biografismo explícito.

Por iso este libro acaba por converterse nun catálogo de olladas, pero tamén de sons, de percepcións táctiles. Se ledes os poemas nesta clave, comprobaredes que non hai un só poema no libro que non beba dun destes sentidos: da vista, do oído, do tacto (puntualmente do olfacto tamén). Palabra, polo tanto, vivida desde os sentidos. Unha concepción da linguaxe que fermenta nestes tres espazos de maceración poética.

Non é o momento aquí de analizar con detalle nin dando exemplos polo miúdo, pero Luís Valle construíu os poemas deste libro cunha estrutura en espiral. E no centro desa espiral está sempre un elemento que responde a estes tres sentidos,

a estes tres lugares nos que se propicia o amor ou a súa ausencia. Poño un único exemplo, no que en dous versos o autor condensa tres elementos sensoriais dun xeito moi consciente:

*Ávidos de dar, contemplamos a caída da folla,
asimilando o aroma, o peso, o roce...*

Cando di “contemplamos” remítenos á vista; “o aroma” remítenos ao olfacto e “o roce”, ao tacto. Poesía esta de momentos sentidos, de palabras entintadas nas experiencias dunha vida compartida.

Non resulta nada doado escribir poesía amorosa na nosa tradición literaria sen caer nos tópicos, nos ecos, nas resonancias doutras voces. Pero o autor lugués consegue (como o conseguira John Donne no século XVI, evitando os tópicos amorosos que impuxera o petrarquismo), concibindo o poema desde o presente vivido, facendo pequenas incisións na tradición literaria e na historia para conseguir o trazado dunha singradura na que a amante non é un suxeito pasivo senón unha compañeira activa, coa que emprende un “incesante / retorno a Ítaca”.

Con todo, o amor nunca aparece idealizado nin descrito de xeito maniqueo. Así o entendeu tamén, na súa lectura plástica, o autor da cuberta deste libro. O amor entendido como Carson afirma que o entendía Safo (e que Luís Valle chama “indícible baleiro”) é o sentimento que nos transmite esa tinta chinesa, na que entra a luz do sol polo medio das nubes, trazada polo pincel de Xulio García Rivas, ese fantástico pintor que ten estudo na Coruña desde hai anos e que pinta coa humildade dun mestre zen. Nesta ilustración condénsase a idea motor desta obra que o poeta tamén pinta con versos nos que describe así a súa compañeira:

*Es entrar e ir cara ao Sol, e afundir
na nube*

Luís Valle sabe que hai maneiras máis histriónicas de escribir poesía. Maneiras aparentemente máis novidosas ou aparentemente máis experimentais. Pero non máis honestas e inmediatas, máis apegadas á realidade do día a día.

Lendo este libro temos a sensación de ler un diario persoal, sen ambición de impostura nin artimañas de funámbulo. Ese é outro dos seus grandes méritos. Escribir como se vive e amar como se escribe.

Non me resisto a rematar a miña intervención cuns versos dunha plasticidade precisa, axustada ao tipo de pincel, de tinta e ao movemento necesario para debuxar á persoa que se ama, que é quen realmente vertebrada o contido desta obra:

*A forma da túa alma desova luz,
pero é máis fermoso o teu corpo espido
entre os pomares. Cúbreme a min mesmo
até descoñecerme e amareite con palabras
que nunca recoñeceremos como nosas.*

A éxtase da linguaxe, ese espazo circular no que desova a luz que o poeta non sempre recoñece, esa luz na que vén descansar cando as nubes ameazan con clausurar o día.

Lede este libro descansando nos lugares que Luís Valle percorre, aos que nos leva da man da súa amante.

Escoitade a súa voz como quen ve pasar un río.

Porque tamén as súas palabras son ollos nos que mirarnos.